



11

**chove coma
se a envorcasen**



FUNCIÓN COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Hipóteses e probabilidades no pasado. ❖ Formular hipóteses sobre un suceso presente ou pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Desastres naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Oracións condicionais. ❖ Posesivos: presenza/ausencia, usos especiais. ❖ Derivación: os sufixos colectivos. ❖ Tipoloxía textual. A noticia. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Si/se. ❖ O rexistro formal. ❖ GALEGO EN ACCIÓN: as imaxes do desastre. 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os incendios forestais.



Actividade introdutoria

1. Observa estas fotografías:



a) Que cres que puido suceder?

b) Conta de forma detallada, intentando reproducir o contido das fotografías, as consecuencias do que pasou.

c) Que tipo de fenómenos cres que poden provocar algo así?

Fai unha enumeración con eles e anótaos no cadro:

Fenómenos:



d) Por último, clasifícaos convenientemente segundo a súa orixe:

AUGA	AIRE	TERRA

2. Onde credes que puido suceder o desastre que ilustran as fotos?

a) Sinálao no mapa:



b) Comenta en voz alta para os compañeiros por que credes que sucedeu nesa zona.

11 chove coma
se a envorcasen



3. As zonas "quentes" do planeta:

- a) Investigade, por parellas, desastres naturais sucedidos nos últimos dous anos e situádeos no mapa.
- b) Comentade logo, para o resto da clase, os vosos resultados tendo en conta de mencionar na vosa exposición:
 - onde sucedeu
 - cando sucedeu
 - causas do desastre
 - consecuencias principais do desastre





Gramática e léxico

Prácticas guiadas

GRAMÁTICA SELECTIVA

Para indicar a condición para que algo suceda ou pase:

En galego construímos oracións condicionais, que son aquelas que introducen a condición para que algo suceda ou pase. Van introducidas polas conxuncións ou locucións conxuntivas condicionais, as máis frecuentes son *se, como, a non ser que, con tal que, con que...*

Se *hai carne, non comerei peixe.*

Como *diga algo, vaime oír.*

A non ser que *me chame, non penso ir.*

Con tal que *haxa debuxos na tele, xa non se move do sofá.*

Xa me conformo **con que** *chegue a tempo.*

Para indicar probabilidade:

En galego para indicar a probabilidade, incluímos na oración o adverbio de modo *probablemente* ou ben usamos a construción *é probable que...* Presta atención aos tempos verbais que se utilizan:

Probablemente foi o que sucedeu. (pas.)

É probable que iso fose o que pasou. (pas.)

Probablemente serán/sexan cinco as persoas que asistan. (fut.)

É probable que neste momento estea só. (pres.)

Probablemente é seu pai quen o acompaña. (pres.)

Outras maneiras de indicar probabilidade que temos no galego:

- As perífrases modais de probabilidade:

Pode ter cincuenta anos./Probablemente teña cincuenta anos.

- Determinados tempos verbais como o futuro ou o pospretérito, usados para indicar unha temporalidade distinta:

Serán as cinco. (indicando presente)

Serían as cinco cando pasou. (indicando pasado)

OS POSESIVOS

Xa os estudaches en celgas anteriores, aquí lembrámosche que poden ter uns valores especiais:

- indicando valor aproximado:

Aquí terás almacenadas as túas cicuenta botellas máis ou menos.

- indicando feito habitual:

A min as miñas cinco améndoas diarias non hai quen mas quite.

- indicando membros da familia:

E logo onde deixaches os teus hoxe?

Tamén che recordamos que, aínda que o posesivo en galego vai habitualmente con artigo, hai algúns usos onde pode aparecer sen el:

- con membros da familia:

Miña tía é cega./A miña tía é cega.

- en vocativos:

Como chove, miña nena!

- cando aparece o distributivo "cada" na oración.

Cada rapaz mercou seu xeado.

Léxico

Coloquial: pasar algo malo

Estándar: suceder unha desgraza

Culto: acontecer un desastre

Coloquial: botar unha man

Estándar: axudar

Culto: solidarizarse, contribuir

Coloquial: pobre xente

Estándar: afectados

Culto: damnificados

Coloquial: poñer en pé

Estándar: reconstruír

Culto: acondicionar, restaurar

4. Imaxina que es o da fotografía. *Que tería pasado se...?*

Contesta en voz alta procurando describir con detalle as túas reaccións.



- ... un coche che pitase xusto á beira da orella?
- ... un garda te espertase?
- ... comezase a chover con forza?
- ... uns rapaces movesen a cadea á mantenta?
- ... un can viñese ulirche os zapatos?
- ... un gato che subise ao colo?
- ... rompese a cadea?
- ... unha moto se botase fóra da calzada?



- ... o teu xefe entrase xusto nese momento?
- ... comezases a roncar e te escoitasen?
- ... soase o teléfono?
- ... verteses a botella de auga sobre a mesa?
- ... caeses da cadeira?
- ... se descargase o bolígrafo?
- ... se cerrase o portátil de golpe?



- ... aparece nese momento a moza do rapaz?
- ... viñese unha ventada e lle voase a gorra?
- ... perdesen o equilibrio?
- ... viñese alguén e os molesta?
- ... aparecese un coche na estrada?
- ... a multitude comezase a aplaudir?



5. Completa agora, indicando a condición. Segue o modelo:

Se fixese moita calor, poñería un sombreiro.

_____, mercaría un can.

_____, raparía a cabeza ao cero.

_____, tinxiría o pelo de azul.

_____, chamaría por teléfono á policía.

_____, daríalle un bico a un descoñecido.

_____, perdería os nervios facilmente.

_____, andaría descalza pola rúa.

_____, axenlloaríame alí mesmo.

_____, quedaría coa boca aberta.

_____, botaríame a correr.

_____, bailarían na rúa.

_____, poñeríame rubio.

SE/SI

Ás veces confundimos estas dúas palabras, polo que cómpre lembrar que a primeira pode ser:

- conxunción condicional:

Se estás, será máis fácil.

- pronome persoal reflexivo:

Peiteouse pola mañá.

Mentres, **si** pode ser en galego:

- adverbio de afirmación:


Dixo que si.

- pronome persoal reflexivo:

Dixoo para si.

6. *Que tería pasado se...?* As seguintes fotografías mostran algúns feitos que sucederon ao longo da historia da humanidade que foron transcendentais. Xoguemos un pouco a imaxinar que tería pasado se nunca chegasen a suceder.

Por parellas, comentádeo para logo poder expoñer as vosas conclusións en voz alta.



Se nunca nacesse Gutemberg...



Se nunca se tirase a 1.ª bomba atómica...



Se non nacesse Xesús de Nazaret...



Se non existise Roma...



Se os dinosauros non se extinguisen...



Se a televisión non existise...



7. Intentemos expresar agora as *posibles causas ou consecuencias* dalgúns destes feitos. Por exemplo:

- Os dinosauros *probablemente* se extinguiron porque _____.

- *É probable* que a 1.^a bomba atómica fose a causa de que _____.

- _____.

...

a) Seguindo estes modelos, e utilizando as expresións de probabilidade que aparecen en cursiva, constrúe oracións que teñan como tema central algunha destas propostas:

gran número de vítimas

efecto invernadoiro

incidencia da sida en África

extinción de moitas especies

caída do Imperio Romano

descuberta do continente americano

invención do primeiro sistema de escritura

- **Probablemente** *a causa do gran número de vítimas* fose que non se avisou a tempo do desastre que se aveciñaba.

...



8. Observa estas expresións: *(consultar cadro de gramática selectiva)*



Sempre bebe o seu vaso
de viño á comida.



Terá os seus noventa anos.



Estes son os meus.


a) Relaciona agora *valores especiais dos posesivos* con expresións:

valor aproximado

membros da familia

feito habitual

b) Intenta ti empregar expresións similares baseándote nestoutras fotografías:



c) Completa agora procurando basearte no que ilustran as fotos.

Meu pai veu con nós _____.

Cada _____ *súa tapa*.

Meu filliño, cantas _____!



Galego en acción

9. Mirade o vídeo que se achega como material complementario. É unha pequena curtametraxe sobre as consecuencias dos desastres naturais.

FICHA DA CURTAMETRAXE

Título en galego: _____

País no que trasncorren os feitos: _____

Ano no que o situarías: _____

Personaxes: _____

Argumento: _____



10. Na presentación do exercicio dise que é unha curta sobre as consecuencias do desastre. Estás de acordo con esta afirmación?, por que?

a) Enumeramos as consecuencias que se ven reflectidas:

1. _____.

2. _____.

3. _____.

4. _____.

b) Que sentimentos cres que se ven reflectidos no vídeo e en que momentos?

SENTIMENTO	MOMENTO
<i>tristeza</i>	<i>Cando se ve o protagonista derramar bágoas.</i>

11. Por último, por parellas, facede unha crítica da curtametraxe.

Tipoloxía textual

A noticia

19-04-2008

Crónica negra

Nove finlandeses falecidos nun accidente de autobús en Benalmádena



O número de persoas falecidas no accidente de autobús rexistrado na tarde de hoxe na AP-7 ao seu paso por Benalmádena (Málaga) elévase a nove, segundo informaron fontes do Servizo de Emerxencias 112 Andalucía.

No sinistro rexistráronse ademais 19 feridos graves ou moi graves, entre os que se atopa un neno, e outros 16 leves.

Os feridos de carácter grave foron evacuados a distintos hospitais da provincia, como o Materno Infantil de Málaga, Costa del Sol de Marbella, o Carlos Haya, Clínico Universitario e Hospital Civil de Málaga. Os feridos leves foron trasladados en autobús ao centro de

saúde de Benalmádena e de Torremolinos.

No autobús ao parecer viaxaban unhas 46 persoas, todas de nacionalidade finlandesa, que se dirixían cara ao aeroporto de Málaga. O sinistro tivo lugar sobre as 19.50 horas no punto quilométrico 224,500 da devandita vía, no sentido Málaga, ao saír da estrada e envorcar o autobús.

A estrada permanece cortada no sentido Málaga, aínda que dous guindastres procedían sobre as 21.00 horas a erguer o autobús da calzada.

Ata o lugar do accidente, onde se armou un hospital de campaña, desprazouse o subdelegado do Goberno na provincia, Hilario López Luna, e efectivos do Servizo de Emerxencias Sanitarias 061, técnicos do 112, Policía local de Benalmádena e Torremolinos; Garda Civil, Bombeiros e membros da Cruz Vermella.



A noticia é un xénero xornalístico onde se dá conta dun acontecemento ou suceso. Ofrece información básica sobre os/as persoas implicadas, o lugar onde sucedeu, cando aconteceu, as causas e principais consecuencias do feito etc.

12. Localiza sobre o texto na noticia que che damos como exemplo as principais informacións e anótaas aquí:

Principais implicados


Que sucedeu?

Cando sucedeu?

Onde sucedeu?

Causas

Principais consecuencias

13. Escoita agora esta conversa onde unha testemuña do accidente de autobús, aínda visiblemente nerviosa, lle relata a un amigo por teléfono o que sucedeu. 

- Que diferenzas atopas na maneira de contar o mesmo suceso nun e noutro caso?
- Como se manifestan lingüisticamente esas diferenzas?
- Hai diferenza de rexistro entre ambos os dous textos?

OS REXISTROS

Son diferentes variedades lingüísticas que utilizamos en función do contexto de uso (lugar, interlocutores...). Hai dous grandes tipos de rexistros: **formal** e **informal**. Como se diferencian?


- **no léxico:** máis variado, rico e culto no rexistro formal.
- **na sintaxe:** máis complexa no rexistro formal, máis simple no informal, mesmo con oracións sen rematar.
- **na modalidade oracional:** o rexistro informal adoita ser moito máis apelativo e directo, cargado de referencias persoais, vocativos...; mentres que no rexistro formal se tende a unha terceira persoa máis neutra.
- **no emprego de frases feitas:** moito máis usual no rexistro informal.



11 chove coma
se a envorcasen



Modelo actividade CELGA

14. Presentámosche agora o exercicio anterior, pero cun formato distinto. Vas escoitar o relato dun desastre feito por unha testemuña. Baseándote no que di, debes redactar a noticia para o xornal local. 


Lembra de tomar nota, a medida que oes o relato, dos principais datos (implicados/afectados, onde, cando, como, causas, consecuencias).





Contido sociocultural

Os incendios forestais



Na nosa terra, posiblemente as catástrofes naturais que máis padecemos poidan ser dúas:

-as **mareas negras**, provocadas polo gran número de petroleiros e barcos con mercadorías perigosas que circulan diariamente fronte ás nosas costas. A máis tristemente coñecida nos últimos tempos, e tamén unha das peores, foi a provocada polo petroleiro *Prestige*, que se afundi fronte ás costas galegas perdendo a súa carga de fuel.

-os **incendios forestais**, xa que Galiza conta cunha superficie arborada de ao redor de dous millóns de hectáreas, o que representa preto do 69% da superficie do noso territorio.

Os montes xogan un papel moi relevante en varios aspectos:

- Acollen gran parte da fauna galega.
- Presentan unha importante diversidade florística.
- Dan lugar a unha temperación das condicións climáticas locais.
- Mediante a fotosíntese realizan unha tarefa de fabricación de osíxeno e absorben anhídrido carbónico.
- A través das súas raíces, e co apoio das cubertas vexetais, colaboran na retención de auga, preveñen a erosión dos solos e regulan os escoamentos.
- Constitúen espazos axeitados para cubrir as demandas culturais, recreativas e de expansión da cidadanía, que hoxe en día son un factor clave na sociedade.
- E xeran un importante beneficio económico sen menoscabo das demais funcións.

En definitiva, o monte ocupa un lugar importante nas tradicións e na historia, proporcionando unha ampla gama de bens e servizos para toda a sociedade.



Superficie queimada no 2006 (por provincias)				
	N.º Lumes	Sup. arborada	Sup. rasa	Total sup.
Galicia	6.997	54.022,06	39.865,51	93.887,57
A Coruña	2.387	21.536,11	14.372,44	35.908,55
Lugo	898	1.474,09	4.643,98	6.118,07
Ourense	1.613	4.118,12	8.044,06	12.162,18
Pontevedra	2.099	26.893,74	12.805,03	39.698,77

Fonte: Consellería do Medio rural

A Administración pública, ante a gravidade destes datos, activou un Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que ten como obxectivo facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, se é o caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume.





Transcripción do audio

13. Conversa onde unha testemuña do accidente de autobús, aínda visiblemente nerviosa, lle relata a un amigo por teléfono o que sucedeu.

(simulando unha conversa telefónica)

"Xoán? Si, tío... Flipas co que me acaba de pasar, estou negro rapaz. Pois verás... ía... ía pola autoestrada do aeroporto a buscar á miña vella que cheghaba hoxe de París de visitar á parienta que temos alá e xusto diante, pero xustiño diante miña, un ghicho que conducía un autobús botouse fóra e envorcou. Peghueime un susto de morte, tío. Mira, aínda estou tremendo... Abaneo coma unha corre... Deseguida paramos un montón de coches, pero calquera se atrevía a meterlle man ó asunto...Quitei de móbil e chamei á Gharda Civil de tráfico, á ambulancia, que sei eu, a todo quisqui que se me pasou pola cabeza nese momento. Viñeron ben pronto mangados, pero aínda así a cousa pinta moi mal, empezan a sacar feridos e eu aquí... sen poder facer nada, vendo o espectáculo. Mira, dígoche que aquí hai un *lío* impresionante de coches da Gharda Civil, ambulancias, Cruz Vermella..."

14. Relato dun desastre feito por unha testemuña.

"Pois a cousa foi que estabamos na casa comendo ao mediodía e de repente escoitamos un ruído fortísimo, unha cousa atronadora, un batifundio *tremendismo*... Eu mirei para miña nai, que estaba na punta da mesa servindo a leituga, miña nai mirou para min... Erguémonos coma chispas e enseguida fomos mirar pola ventá a ver que estaba pasando porque aquilo non era moi normal... Tal e como botamos a cabeza pola ventá xa vimos vir cara a nós, aí como a uns douscentos metros, unha especie de espiral que se estendía dende o chan cara ao ceo e que andaba arredor a unha velocidade da *leche*, cun ruído que deixaba a un xordo. Coa mesma empezou a tirar un aire fortísimo, a erguerse un pó da rúa tremendo, papeis..., arrancáronse os letreiros dos negocios e a voar, os tendais da roupa, os colectores do lixo... Unha táboa do teito do veciño pasounos soando, que case nos mata se nos colle ben. Nunca tal cousa se vira en Leiro no mes de xullo... Eu díxenlle a miña nai que saíramos de alí por pés, que a cousa pintaba mal. E así fixemos, e menos mal porque dígoche que non quedou nada en pé en varios quilómetros á redonda. Logo oín que disque foi por unha diferenza de temperatura entre a auga do mar e o aire quente da atmosfera ou non sei que lerías."